

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O nubeiro de Choi

»Era nunha aira na casa do Choi [parroquia de Romariz, concello de Abadín (Lugo)], alí cerca da igrexa [igrexia parroquial de Romariz]. E estaban mallando, téño oído moitas veces, e, claro, presentouse unha tormenta mui criminal, tronar e lostregar e todo negro. E había un cura, que me parece que lle chamaban don Mariano ou así unha cousa, hai moitos anos, e, claro, dixo:

□ ¡Eh, señores, meterse todos pa dentro!

E colle un libro e púxose a ler na ventá, e ó momento deuse de desface-la tormenta. E que deron de caer peras e peras, e peras, que se enchera a aira de peras. E que despois o cura:

□ ¡Eh, chis, non lles topar, eh, hasta que eu as bendiga.

E despois bendeciunas o cura, e despois comeron todos peras hasta encherse».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcripción da versión oral de BENJAMÍN ARES (58 anos), Espiñarcao, Romariz. Marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004